



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Memoria xustificativa

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **declara:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou con varias empresas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o mes outubro de 2016 ata o mes setembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre as empresas asinantes para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no centro educativo CIFP Politécnico de Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

As empresas e sociedades “Construcciones Tellao, S.L.”, “Manuel Santos Gómez”, “Obras y reformas Construmen, S.L.”, “Obras y reformas Lugo, S.L.”, “Odegal, S.L.”, “Oltaya Lugo, S.L.”, “Óscar Piñeiro López”, “José Antonio Rodríguez Cabanas”, “Reforma Noroeste C.B.”, “Reformas y Sistemas de Galicia, S.L.”, “Rubén López Barreiro” e “Unkia, S.L.”, están dispostas a participar no proxecto de implantación da





formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas entidades asinantes e non poderá establecerse entre estas e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

Este proxecto de formación profesional dual, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a) Toma como referencia un currículo oficial implantado na comunidade autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 124/2013, do 11 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Construción.
- b) Terá como duración desde outubro de 2016 ata setembro de 2019.
- c) A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de Construción e a obtención do título correspondente.
- d) Ademais, atendendo ás características das empresas, o primeiro ano de vixencia deste proxecto dedicárase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa a formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a





formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

